



VII CONGRESO NACIONAL E II INTERNACIONAL APS(U)7. NOVAS PERSPECTIVAS PARA A TERCEIRA MISIÓN DAS UNIVERSIDADES GALEGAS

Entre os días 13 e 15 de outubro do presente 2016 terá lugar na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela o VII Congreso Nacional e II Internacional de Aprendizaxe-Servizo Universitario. Esta sétima edición estará coordinada desde o G.I. ESCULCA e a Rede RIES. A presidencia do comité organizador estará personificada no Prof. Miguel A. Santos Rego, a coordinación xeral na Profa. Mar Lorenzo Moledo e a secretaría estará a cargo de Alexandre Sotelino Losada.

Este congreso serve, ademais, como encontro anual da Rede Universitaria de Aprendizaxe Servizo ApS(U), formada por profesorado e técnicos universitarios que traballan ou mostran interese neste ámbito, buscando diseminar e facilitar a adopción da aprendizaxe-servizo nas universidades españolas. Os encontros anuais foron inicialmente concibidos como espazos onde intercambiar experiencias e reflexionar conxuntamente sobre os retos para a implementación da ApS na universidade.

Neste sétimo ano da celebración do encontro a organización pretende conseguir unha serie de obxectivos relacionados coa promoción e o intercambio de ideas, experiencias e investigacións sobre a aprendizaxe-servizo en Educación Superior no contexto nacional e internacional; facilitar o intercambio de información e a creación de redes de colaboración entre profesores universitarios interesados na aprendizaxe-servizo, o estudo das canles de institucionalización da aprendizaxe-servizo no marco europeo da educación superior e analizar a conexión entre aprendizaxe-servizo na universidade e administración local, identificando necesidades e fomentando partenariados funcionais sobre o terreo.

O feito de que este congreso se desenvolva en Galicia no presente ano non é cuestión trivial, xa que as universidades galegas están asumindo a aprendizaxe-servizo como un desafío, incorporando nos seus respectivos plans de formación de profesorado cursos sobre esta metodoloxía experiencial. Pero vale a pena destacar que a universidade organizadora, a USC, está liderando a implementación da aprendizaxe-servizo non só no ámbito universitario senón tamén nos demais niveis educativos e no campo social e comunitario. Ademais, debemos salientar que o Grupo de Investigación ESCULCA da mesma Universidade está coordinando un proxecto estatal, no que participan outras 5 universidades, cuxo título é "Aprendizaxe-Servizo e Innovación na Universidade. Un programa para a mellora do rendemento académico e o capital social dos estudantes" (EDU2013-41687-R) (BOE 1/08/2014), coa finalidade de validar un modelo de institucionalización da metodoloxía de aprendizaxe-servizo na universidade.

O momento de celebración do congreso tampouco pode ser máis óptimo, posto que a universidade está sometida a profundos e rápidos cambios no campo estrutural e organizacional derivados, en boa medida, da implantación do Espazo Europeo de Educación Superior, e debe procurar novas vías para alcanzar os obxectivos que o EEES propón. A aprendizaxe-servizo implica un tipo de pedagogía experiencial que, con pouca inversión económica, pode contribuír a optimizar os procesos de aprendizaxe na universidade. Encontros deste alcance supoñen oportunidades para avanzar con paso firme cara á consolidación da aprendizaxe-servizo como práctica e como filosofía de traballo nas universidades, articulando así unha mellor conexión entre a academia e a comunidade circundante.

Alexandre Sotelino Losada
Secretario do Congreso ApS(U)7
G.I. ESCULCA-Universidade de Santiago de Compostela

SUMARIO

PÁXINA 1

Editorial

PÁXINA 2

**Experiencia
Investigadora**

PÁXINA 5

Experiencia Educativa

PÁXINA 8

Accións da Rede RIES

PÁXINA 11

**Próximas accións da
Rede RIES**

PÁXINA 13

Próximos Congresos

PÁXINA 16

Novidades Editoriais

PÁXINA 18

Novidades Legislativas



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA

EXPERIENCIA INVESTIGADORA

Delincuencia feminina e inmigración. Perfil socio educativo e proposta de intervención centrada na competencia social

INTRODUCCIÓN

A presenza de mulleres estranxeiras na nosa sociedade e, consecuentemente, no contexto penal é un fenómeno que cada vez ten máis peso, o que levou en moitas ocasións a vincular delincuencia e inmigración, criminalizando a determinados grupos de inmigrantes. Os cárceres son un reflexo da sociedade, polo que o aumento da poboación inmigrante no noso país ten tamén unha clara repercusión no sistema penal, como un elemento máis da orde social.

Aínda que cada vez é maior a presenza de mulleres estranxeiras nos centros penais, a delincuencia feminina é aínda moi pouco representativa, polo que apenas se ten en conta nas investigacións que se realizan. Así, esta nova realidade multicultural que penetra nos muros dos nosos cárceres demanda investigacións sobre o perfil individual e social destas mulleres e sobre a intervención socio educativa necesaria para lograr a súa integración social.

Ante esta premisa de partida, propuxémonos analizar, por unha banda, a situación das mulleres estranxeiras internas nos centros penais do noso país, estudando o seu perfil individual e social e a súa carreira delituosa e, por outro, examinar a xestión da diversidade cultural nestes centros para poder deseñar, con criterio científico, os principios dunha intervención pedagóxica que atenda á súa problemática e mellore as súas posibilidades de reinserción.

METODOLOXÍA

Neste estudo de investigación utilizouse unha metodoloxía cuantitativa non experimental cun enfoque descritivo, concentrada nos centros penais e módulos de mulleres de Alcalá de Guadaíra, Brieva, Madrid I, Teixeiro, Pereiro de Aguiar, Bonxe e A Lama. Fíxose uso dunha variedade de

instrumentos, caso dun cuestionario socio biográfico dirixido ás mulleres pertencentes á poboación obxecto de estudo e unha entrevista aos subdirectores e subdirectoras de tratamento nos centros citados.

Así, nos centros seleccionados, todas as mulleres estranxeiras ás que tivemos oportunidade de acceder polas súas circunstancias penais, tanto preventivas como penadas, formaron parte da mostra invitada (262), aínda que as que finalmente aceptaron foron 159, dato que se corresponde coa mostra produtora de datos (ver táboa 1).

Táboa 1. Mostra da investigación

Centro	Mostra invitada	Mostra aceptante	Mostra produtora de datos
Alcalá de Guadaíra (Sevilla)	28	25	25
Madrid I Mulleres	138	96	96
Brieva (Ávila)	66	14	14
Teixeiro (A Coruña)	11	9	9
Bonxe (Lugo)	6	5	5
A Lama (Pontevedra)	12	10	10
Pereiro de Aguiar (Ourense)	1	0	0
Total	262	159	159

O problema de investigación virou ao redor da pregunta, en que medida o perfil socio educativo e a carreira delituosa das mulleres internas en centros penais difiren segundo o país de orixe e o seu proxecto migratorio?; seguida destoutas: a delincuencia das mulleres estranxeiras está asociada, ou polo menos relacionada, con certos déficits no ámbito socio educativo, que dificultan ou condicionan a súa reinserción e reeducación social? e, os modelos de intervención axústanse ás liñas máis idóneas do tratamento penal, ás necesidades das internas

estranxeiras e ás premisas da educación intercultural?

PRINCIPAIS RESULTADOS

Unha vez analizadas as cuestións recollidas no instrumento principal podemos dicir, en canto ao perfil individual da mostra, que as mulleres estranxeiras que se atopan nas prisións españolas proceden, maioritariamente, de América do Sur (principalmente de Colombia e da República Dominicana) e teñen entre 26 e 36 anos de idade. Ademais, trátase de mulleres solteiras con fillos ao seu cargo, cos que teñen moi boa relación e, no caso daquelas que teñen parella, esta nunca estivo en prisión.

Con respecto ao proceso migratorio, practicamente a metade destas mulleres non residía en España antes de ser detida. Entre aquelas que si vivían, os motivos que máis pesan para emigrar son os económicos e a maioría leva dez ou máis anos no noso país.

Ademais, as mulleres estranxeiras escollen as grandes cidades como lugar de residencia e xa contaban, antes da súa chegada, con familiares no país de destino. A maior parte chegou con visado de turista e sen ningún tipo de apoio externo, deixando, en moitos casos, aos seus fillos no país de orixe.

O perfil escolar das mulleres estranxeiras que se atopan nestes centros caracterízase por unha escolarización temperá (entre os 3 e os 6 anos) e contan cun nivel de estudos relativamente alto, posto que a maioría superou os estudos secundarios. Non estudaban no momento de ser detidas, pero a porcentaxe aumenta na actualidade, xa que o 30% está a cursar algún nivel educativo en prisión; ademais, coñecen, en xeral, o idioma do país.

EXPERIENCIA INVESTIGADORA

Delincuencia feminina e inmigración. Perfil socio educativo e proposta de intervención centrada na competencia social

En relación ao perfil laboral, podemos dicir que practicamente a totalidade da mostra traballou fóra da casa nalgún momento da súa vida, sobre todo na hostalaría, o comercio e o servizo doméstico, e antes dos 20 anos, aínda que non o facían no momento de ser detidas. Tamén realizan algún tipo de traballo en prisión, pero non envían diñeiro ás súas familias; ademais, a metade destas mulleres realizou cursos de formación laboral dentro do medio penal.

O perfil criminolóxico caracterízase porque a maioría das mulleres estranxeiras que se atopan internas nestas prisións fano en condición de penadas (xa foron xulgadas); entre elas, a metade conta con condenas de entre 6 anos e 1 día e 9 anos e, case o total, en segundo grao, que se corresponde co réxime ordinario. Tendo en conta o tipo de delito polo cal se atopan en prisión, sobresaen aqueles contra a saúde pública, cometidos por motivos económicos e en solitario.

Practicamente a metade leva en prisión menos dun ano e a totalidade afirma non contar con ningunha outra condena pendente. Para máis do 95% destas mulleres este é o seu primeiro ingreso nunha prisión e foron trasladadas polo menos nunha ocasión dentro do noso sistema penal. En relación ao seu paso por centros de menores con anterioridade, o 95% di non ter pasado por ningunha institución similar.

En canto á súa vida dentro do centro, o 65% foron visitadas en prisión en momentos puntuais por amigos e familiares e, en xeral, atópanse moi satisfeitas coa relación cos funcionarios e compañeiras. A práctica de deporte é a actividade máis concorrida e entre o que máis lles gustaría aprender están a informática e os idiomas. Cando se refiren ás condicións da cela, están, canto menos, conformes. Doutra banda, os seus proxectos de futuro teñen lugar

en España, onde o seu desexo é desenvolverse como emprendedoras.

As mulleres estranxeiras que se atopan nos centros penais pertencentes á mostra, na súa maioría, non consomen drogas. Entre as que si o fan destaca o consumo de marihuana e haxix, comezando entre os 16 e os 20 anos. Ademais, non recibiron, de forma xeral, ningún tratamento de desintoxicación nin na rúa nin no centro.

CONCLUSIÓNS

Tras as correspondentes análises, extraemos, entre outras, as seguintes conclusións:

- O perfil individual e social das mulleres estranxeiras internas en centros penais difire, en gran medida, do das mulleres autóctonas que se atopan na mesma situación. E entre as estranxeiras, tamén é fácil identificar dous grupos, aquelas que xa vivían no noso país, e as que non contan cun proxecto migratorio.

- O perfil socio educativo das mulleres da mostra é diferente en función da súa procedencia. Con todo, non se presentan distincións en canto á carreira delituosa, xa que esta é practicamente inexistente. En todo caso, a orixe da carreira delituosa relaciónase de maneira significativa coas circunstancias do proceso migratorio, de forma que o tipo de delito varía en función das mesmas.

- As mulleres estranxeiras internas en centros penais carecen dunha rede de apoio social capaz de contribuír ao proceso de inserción social; de forma circunstancial, reciben visitas puntuais no centro por parte de familiares, amigos ou organizacións.

- A xestión do multiculturalismo nos centros penais dependentes da Secretaría Xeral de Institucións Penais é débil e pouco sistemática. O deseño de actuacións centradas nos estranxeiros como colectivo sobre representado

nestes espazos, e mulleres estranxeiras en particular, require dunha maior atención por parte da Administración e dos profesionais, ampliando esta intervención aos autóctonos, xa que se incorporarán a unha sociedade multicultural. A intervención ofrece moitas máis posibilidades cando se enmarca nun centro exclusivo para mulleres que cando se implementa nun módulo nun centro masculino.

- É preciso pór en marcha aqueles programas que demostraron a súa eficacia neste contexto, como é o caso do Programa de Pensamento Prosocial, composto por unha serie de técnicas que se centran na conduta cognitiva, rigorosamente avaliado con diferentes colectivos.

- A intervención penal debe considerar as particularidades daqueles colectivos minoritarios que presentan culturas diferentes para poder actuar tendo en conta as súas características e necesidades.

- É necesario avanzar en canto á formación específica da xestión multicultural dos educadores que traballan no contexto penal e valorizar a figura do pedagogo como peza importante nesa realidade.

Consideramos que é conveniente traballar, fundamentalmente, en seis ámbitos se se pretende facer algo pola reeducación e reinserción social das mulleres estranxeiras internas en centros penais. A primeira liña de intervención, que se configura como base das seguintes, centra o seu foco no desenvolvemento da competencia social; a segunda das liñas ten que ver coas destrezas dixitais; a terceira liña a destacar é a orientación laboral, pois hai que deseñar un programa adaptado ás demandas das mulleres e ás que existen no exterior; en cuarto lugar debemos sinalar a importancia da xestión socio educativa da diversidade étnico-cultural, que implica a xestión do cárcere

EXPERIENCIA INVESTIGADORA

Delincuencia feminina e inmigración. Perfil socio educativo e proposta de intervención centrada na competencia social

como espazo multicultural e a preparación para a inserción nunha sociedade caracterizada pola diversidade; a quinta debe centrarse na Educación Familiar, pois é urxente afrontar as implicacións familiares que se derivan da súa entrada en prisión. Ademais, en sexto lugar, de forma complementaria, a comunidade debe cobrar un papel activo no proceso de reinserción, tanto no momento no que as mulleres cumpren condena como unha vez saen en liberdade, xa que se converte na vía para abrir novas posibilidades de futuro.

Cristina Varela Portela

G.I. ESCULCA-USC

*Departamento de Teoría da
Educación, Historia da
Educación e Pedagogía Social*

*Universidade de Santiago de
Compostela*

EXPERIENCIA EDUCATIVA

Observacións sobre a incidencia da Aprendizaxe Baseada en Proxectos (ABP) na motivación dos estudantes

INTRODUCCIÓN

Moitos pais e algúns profesores explican a desmotivación dos alumnos pola falta de interese e os estudantes con frecuencia aluden a que non estudan porque as clases son aburridas. Esta idea intuitiva da motivación explicaría a falta de compromiso coa aprendizaxe derivada do baixo interese polos contidos que se ensinan nas aulas. Esta falta de compromiso e desinterese pode, polo menos parcialmente, asociarse a metodoloxías educativas que permaneceron practicamente inmutables nas últimas décadas a pesar dos profundos cambios culturais acaecidos na nosa sociedade.

Esta evidencia levou ao redeseño das prácticas educativas salientando as habilidades de aprendizaxe sobre os contidos, desenvolvendo nas diferentes materias conexións co mundo real e fomentando, en último termo, a aprendizaxe ao longo da vida e o aprender a aprender (Dvorak, 2012). Nesta liña, púxose en valor o modelo pedagóxico do traballo por proxectos ou Aprendizaxe Baseada en Proxectos (ABP; *PBL Project -or Problem-Based Learning*).

APRENDIZAXE BASEADA EN PROXECTOS (ABP)

A ABP é unha estratexia de instrución fundamentada no método de proxectos de Kilpatrick (1918) e Dewey (1938), quen nas primeiras décadas do século pasado xa entendían ao estudante como investigador activo e non como un receptor pasivo no seu proceso de aprendizaxe. A promoción da ABP, asentada nos antecedentes teóricos do construtivismo, implica o traballo nos diversos compoñentes do proceso de resolución de problemas sobre un currículo interdisciplinario, o emprego de preguntas abertas e de actividades prácticas levadas a cabo en grupo interactivo (Capraro e Slough, 2008; Clark e Ernst, 2007; Dolmans, De Grave, Wolfhagen, e Van der Vleuten, 2005).

Esta estratexia de instrución require formar equipos de persoas con perfís diferentes que traballan xuntos para realizar proxectos co propósito de solucionar problemas reais. As diferenzas entre os membros ofrecen grandes oportunidades para a aprendizaxe e prepararán aos aprendices para traballar nun ambiente e nunha economía cambiante. Para que teñan éxito os resultados de traballo dun equipo, a ABP require dun deseño de instrución ben definido en canto aos roles do grupo e aos fundamentos para o deseño de proxectos.

Nas experiencias educativas ABP, o estudante aplica o coñecemento adquirido á elaboración dun *produto* e/ou á resolución dun problema socialmente valioso. Pola súa parte, o profesor convértese nun *creador* de retos e un guía

capaz de estimular nos estudantes o desexo de aprender e descubrir e capaz tamén de promover ao longo do proceso de aprendizaxe crenzas auto referidas positivas.

A introdución da metodoloxía ABP determina unha nova contorna de aprendizaxe tanto para o docente como para o alumno con potenciais profundos efectos cando é implementada na aula. Entre outros efectos, asúmese que estimular aos estudantes a desenvolver habilidades para resolver situacións reais -investigar, discutir, propor e verificar hipóteses- motivará ao alumno cara á aprendizaxe. Nesta liña, parece prudente establecer mecanismos de avaliación capaces de estimar o impacto das experiencias ABP sobre a motivación do estudante.

MOTIVACIÓN ACADÉMICA

Os teóricos da motivación de logro levan tempo tentando explicar a elección de tarefas, a persistencia nas mesmas, a vontade para levalas a cabo e o rendemento que finalmente se acada. O intento de explicar este comportamento motivado do alumno en contextos de logro levounos a recorrer a diferentes procesos afectivos e cognitivos -p.e., metas, valores, crenzas ou emocións- (p.e., Pintrich e De Groot, 1990) e a diversos factores contextuais -p.e., implicación dos pais, estratexias docentes- (p.e., Eccles, 2007; 2009). A investigación atopou beneficios significativos da participación en metodoloxías ABP sobre a motivación dos estudantes (Wurdinger, Haar, Hugg, e Bezon, 2007). Diferentes traballos consideraron, por exemplo, que o traballo por proxectos podería incrementar o interese do estudante, a confianza en si mesmo e as crenzas de auto eficacia (Baran, Maskan, e Toz, 2010), á vez que podería limitar a incidencia do deixamento ou o abandono (Domínguez e Jaime, 2010).

Algúns autores traballaron sobre as características do estudante que fan máis ou menos efectiva a metodoloxía ABP fronte a unha estratexia educativa máis convencional e comezaron tamén a abordar a incidencia do traballo por proxectos sobre a orientación a metas dos aprendices (véxase, Thomas, 2000). Nós consideramos imprescindible proxectar e avaliar sistematicamente a incidencia motivacional das diferentes propostas metodolóxicas e experiencias educativas que continuamente se promoven e implementan no noso sistema educativo. Con este propósito estamos levando a cabo unha serie de traballos que teñen por obxecto incrementar a nosa comprensión de como afecta a aprendizaxe por proxectos ou metodoloxías ABP, en comparación coa metodoloxía convencional, á motivación dos estudantes nos diferentes niveis educativos.

EXPERIENCIA EDUCATIVA

Observacións sobre a incidencia da Aprendizaxe Baseada en Proxectos (ABP) na motivación dos estudantes

Os primeiros estudos levados a cabo nesta liña circunscríbense ao terceiro ciclo de Educación Primaria e céntranse na incidencia das propostas educativas ABP sobre a orientación a metas dos estudantes. Inicialmente seleccionáronse unha serie de centros e/ou aulas onde se implementa o traballo mediante ABP e aulas ou centros de similares características onde se implementan metodoloxías de ensino convencional, co obxecto de comparar diferentes variables motivacionais entre ambos os grupos de alumnos.

A ENSINANZA POR PROXECTOS E A EVITACIÓN DO TRABALLO

Aínda que a literatura puxo de manifesto que a implementación da metodoloxía ABP mellora a motivación, o gusto por aprender e por profundar no obxecto de estudo (véxase p.e. Chávez, 2003; Tobón, 2006), os datos obtidos para Educación Primaria non nos permitiron constatar que os estudantes aos que se lles ensinou mediante unha metodoloxía por proxectos estivesen máis orientados cara á aprendizaxe, máis interesados en aprender e mellorar as súas habilidades que aqueles que asisten a aulas convencionais.

Con todo, os nosos resultados si suxiren que, fronte aos que traballan por proxectos, os estudantes que asisten a aulas cunha metodoloxía convencional poden estar máis orientados a metas de evitación de traballo. Os estudantes de aulas convencionais poderían estar máis inclinados a *optar por materias nas que non haxa que traballar moito, evitar as materias ou tarefas máis difíciles e facer o menos posible en clase*. Implementar metodoloxías ABP podería converterse nunha estratexia docente capaz de limitar a tendencia dos estudantes a minimizar os seus esforzos no traballo académico e abandonar prematuramente ante as dificultades.

A ENSINANZA POR PROXECTOS E A PREOCUPACIÓN DO ALUMNO POR DESTACAR

Os resultados das primeiras análises con mostras de Educación Primaria suxiren que os estudantes que asisten a aulas onde se traballa por proxectos poderían estar máis preocupados que outros por *facelo mellor que os demais, conseguir notas máis altas ou saber facer cousas que outros compañeiros non saben*. Os estudantes de 5º de Educación Primaria de centros con metodoloxía convencional parecen menos preocupados polas notas ou por demostrar as súas habilidades que os estudantes desta idade que asisten a centros onde se traballa por proxectos.

Os efectos deste tipo de orientación a metas son ambiguos. Aínda que en ocasións asociouse co emprego de estratexias adecuadas de aprendizaxe e cun bo rendemento académico, tamén atopamos estudos que vinculan esta

orientación con aspectos menos positivos. Neste punto, os investigadores suxeriron que as crenzas auto referidas do alumno *-auto eficacia, auto concepto e competencia percibida-* poden xogar un determinante papel moderador. Así, para estudantes que sosteñen crenzas auto referidas positivas, a preocupación por destacar pode ser un aliciente do compromiso académico, mentres que entre os estudantes con crenzas auto referidas máis negativas, o ter que facelo mellor que outros pode ser especialmente desadaptativo.

Desde a nosa perspectiva, as metodoloxías ABP poderían estar a promover unha continua demostración de competencia persoal, xa que a maioría das actividades realízanse en equipos de traballo onde cada membro fai as súas propias achegas ao grupo. Isto lévanos a suxerir a posibilidade de que os estudantes que traballan por proxectos acaben desenvolvendo unha maior metaconciencia en torno aos seus potenciais e limitacións que os estudantes que asisten a aulas con metodoloxía máis convencional, onde a retroalimentación por parte doutros pode ser máis difusa. Sería tamén de interese coñecer se entre os estudantes que traballan por proxectos a comparación social como mecanismo avaliativo entra en xogo antes e é máis consistente que para os seus iguais de referencia.

En calquera caso, ademais de asegurarnos de que os estudantes que traballan por proxectos sosteñan crenzas sobre si mesmos positivas, non debemos perder de vista a necesidade de que estes sexan instruídos especificamente en traballo cooperativo de modo que desenvolvan a comprensión do propósito do grupo e a necesidade de apoiarse e axudarse entre eles. A aprendizaxe cooperativa non só mellora a resolución de problemas, senón que tamén podería axudar a reducir a preocupación pola propia imaxe e incrementar a motivación intrínseca cara ao traballo académico.

REFERENCIAS

- Baran, M., Maskan, A. K., & Toz, N. (2010). Research on the Effect of Certain Variables Chosen and Technology-Supported Project-Based Learning Approach on 11th-Grade Students' Attitudes towards Computers. *Eurasian Journal of Physics and Chemistry Education*, 3(1), 1-13.
- Capraro, R. M., & Slough, S. W. (2008). *Project-based learning: An integrated science, technology, engineering, and technology (STEM) approach*. Rotterdam: Sense.
- Chávez, A. (2003). *El Método de Proyectos: una opción metodológica de enseñanza en primer grado de Educación Primaria*. Universidad Pedagógica Nacional. Culiacán Rosales, Sinaloa.

EXPERIENCIA EDUCATIVA

Observacións sobre a incidencia da Aprendizaxe Baseada en Proxectos (ABP) na motivación dos estudantes

http://www2.sepdf.gob.mx/proesa/archivos/proyectos/guia_general/metodo_proyectos_upn.pdf.

- Clark, A. C., & Ernst, J. V. (2007). A model for the integration of science, technology, engineering and mathematics. *The Technology Teacher*, 66(4), 24-26.
- Dewey, J. (1938). *Experience and education*. New York: Macmillan.
- Dolmans, D. H., De Grave, W., Wolfhagen, I. H., & Van der Vleuten, C. P. (2005). Problem-based learning: future challenges for educational practice and research. *Medical Education*, 39(7), 732-741.
- Domínguez, C., & Jaime, A. (2010). Database design learning: a project-based approach organized through a course management system. *Computers & Education*, 55(3), 1312-1320.
- Dvorak, R. (2012). *Motivation towards learning: A study of Albern District Secondary School's Project Based Learning Grade 9 Program*. Faculty of Education. Vancouver Island University. <http://viuspace.viu.ca/bitstream/handle/10613/2011/Dvorak.pdf?sequence=1>.
- Eccles, J. S. (2007). Families, schools, and developing achievement related motivations and engagement. In J. E. Grusec, & P. D. Hastings (Eds.), *Handbook of socialization* (pp. 665-691). New York: Guilford Press.
- Eccles, J. S. (2009). Who am I and what am I going to do with my life? Personal and collective identities as motivators of action. *Educational Psychologist*, 44, 78-89.
- Kilpatrick, W. (1918). The project method. *The Teachers College Record*, 19(4), 319-335.
- Pintrich, P. R., & De Groot, E. V. (1990). Motivational and self-regulated learning components of classroom academic performance. *Journal of Educational Psychology*, 82(1), 33.
- Thomas, J. W. (2000). *A review of research on Project-Based Learning*. San Rafael, C.A: The Autodesk Foundation.
- Tobón, S. (2006). *Método de trabajo por proyectos*. Madrid: Uninet.
- Wurdinger, S., Haar, J. Hugg, R., & Bezon, J. (2007). A qualitative study using project-based learning in a mainstream middle school. *Improving Schools*, 10(2), 150-161. doi: 10.1177/1365480207078048.

Susana Rodríguez Martínez

G.I. PED

Departamento de Psicología
Evolutiva e da Educación (PEE)

Universidade da Coruña

ACCIÓNS DA REDE RIES

CURSOS, SEMINARIOS E CONGRESOS

CURSO DE DESTREZAS E ESTRATEXIAS PARA A COEDUCACIÓN EMOCIONAL

Santiago de Compostela, 13, 20 e 27 de novembro-11 e 18 de decembro de 2015

O Seminario de Emocionalidade, Xénero e Desenvolvemento Humano (EXDEHU) do Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela organizou este curso dirixido a profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, alumnado da Facultade de Ciencias da Educación e outros profesionais interesados na temática. Os obxectivos desta actividade foron: comprender a relevancia das emocións na escola coeducativa, tomar conciencia das propias emocións e das emocións dos demais e enfrontarse á tarefa de educar en relación ás dimensións coeducativa e emocional.

ACTIVIDADES DO GRUPO DE INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN, ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE (GIES10)

Vigo, xaneiro-marzo de 2016

O Grupo de Investigación GIES10, membro da Rede RIES, realizou entre os meses de xaneiro e marzo diferentes actividades de gran interese para a comunidade educativa:

- Manexo e produción de materiais educativos multimedia innovadores (Relator: Diego Alonso).
- Desenvolver o espírito emprendedor nas materias de Grao na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte (Relatora: M^a Luísa Rodicio).
- Aproximación á utilización da base de datos SPSS.
- Como escribir un artigo científico.
- Interpretación e análise de SPSS.
- Bioética e investigación. Os comités de ética.
- Análise de regresión e confirmatorio en SPSS.

Ademais, os diferentes membros do grupo participaron na actualización do Blog EN(RED)AMONOS, portal de comunicación cos centros que participan nas investigacións do grupo.

CURSO PILOTO DE FORMACIÓN SOBRE O *eGUIDANCE CONCEPT* COA PARTICIPACIÓN DO G.I. DIOEP

Online, 12 de febreiro de 2016

O 12 de febreiro púxose en marcha o curso piloto de formación online sobre o *eGuidance Concept*, no que participa o G.I. DIOEP, dirixido a formadores de profesionais da orientación para a mobilidade internacional. Estruturouse en 8 *webinars*, de 1 hora e trinta minutos cada unha, abordando nas 3 primeiras sesións aspectos teóricos e metodolóxicos relacionados co Concepto Europeo de Orientación deseñado no seo do Proxecto *Guide My W@ay!*, e 5 sesións máis centradas no desenvolvemento deste concepto a través dunha contorna virtual. As *webinars*, apoiadas na plataforma "vitero" (<http://vitero.eu>), están sendo moderadas por expertos de cada temática modular (orientación para a mobilidade, e-Learning...), contando coa participación de profesionais no campo da orientación educativa e profesional de cada un dos países socios do Proxecto.



SEMINARIO "COMO DIVULGAR AS ACTIVIDADES DO GRUPO DE INVESTIGACIÓN NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN"

A Coruña, marzo de 2016

No mes de marzo, o G.I. PED organizou unha actividade na que participou o xornalista Luís Celeiro Álvarez (Doutor en Xornalismo e Director da Gabinete de Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela) coa finalidade de abordar o tema da divulgación científica nos medios de comunicación.

ACCIÓNS DA REDE RIES

SEMINARIO “ESTRATEGIAS DE MELLORA DO GRUPO DE INVESTIGACIÓN”

A Coruña, 30 de marzo de 2016

O Prof. Dr. Miguel A. Santos Rego e a Profa. Dra. Mar Lorenzo Moledo, do G.I. ESCULCA-USC, participaron no mes de marzo nun Seminario sobre estratexias para a optimización dos grupos de investigación, xunto con outros grupos da Rede RIES, como o G.I. PED da UDC.

FORMACIÓN NO DESEÑO DUNHA CONTORNA VIRTUAL PERSONALIZADA PARA PROFESORES DO PROXECTO LANDCARE

Santiago de Compostela, decembro de 2015-abril de 2016

Esta actividade formativa inclúese no Proxecto internacional LANDCARE, que coordina a USC, e está dirixida á formación de profesores para o deseño dunha contorna virtual e PLE que se vai experimentar co alumnado da universidade compostelá. Entre o profesorado que impartiu a actividade atópanse dous membros do G.I. TECNO-EDUC, as Profas. Beatriz Cebreiro e Carmen Fernández. Entre os obxectivos desta actividade destacan: coñecer as metodoloxías didácticas e contornas tecnolóxicas flexibles, experimentación de procesos de ensino-aprendizaxe modulares para xerar un banco de exemplos de boas prácticas, aplicación dun plan de formación virtual dos alumnos en uso de novas tecnoloxías e o deseño dun banco de materiais.



II SEMINARIO DE APRENDIZAXE-SERVIZO NO ENSINO NON UNIVERSITARIO “O VALOR DA EXPERIENCIA”

Santiago de Compostela, 13-15 de abril de 2016

O II Seminario Aprendizaxe-Servizo no Ensino non Universitario celebrouse na Facultade de Ciencias da Educación do Campus Vida (Santiago de Compostela) entre os días 13 e 15 de abril de 2016. Esta actividade ten solicitada a homologación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria como actividade de formación permanente do profesorado (10 h.).

REUNIÓN DE TRABALLO E VISITAS CIENTÍFICAS

REUNIÓN TRANSNACIONAL MEETING DOS MEMBROS DO PROXECTO “GUIDE MY W@Y”

Santiago de Compostela, 10-11 de marzo de 2016

Os días 10 e 11 de marzo realizouse en Katowice (Polonia) a 3ª reunión transnacional do Proxecto Erasmus+ *Guide My W@y!*, enfocado ao desenvolvemento dun concepto europeo de orientación para a carreira e a provisión de materiais e ferramentas on-line. Á reunión asistiron as Profas. Dras. Elena Fernández Rey e Rebeca García Murias do G.I. DIOEP, ademais doutros socios do Proxecto (*HdBA*, Alemaña).

Nas dúas xornadas presentáronse e debatéronse os traballos realizados sobre o *eGuidance Concept*, o Curso piloto de Aprendizaxe desenvolvido a través de 8 sesións de *webinars*, o Portal de Internet e as ferramentas de e-learning.



REUNIÓN DO COORDINADOR DO G.I. PED, ANTONIO VALLE ARIAS, CO CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2016



O 29 de marzo, o Prof. Dr. Antonio Valle, coordinador do G.I. PED, mantivo unha reunión con Román Rodríguez, Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e con Manuel Corredoira, Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Na reunión abordouse o tema da investigación sobre os “deberes escolares” que se está desenvolvendo desde o citado grupo de investigación. Ao mesmo tempo, acordouse establecer unha vía de colaboración entre a Consellería e o grupo de investigación para organizar diversos foros de debate sobre o tópicico en varias localidades galegas.

ACCIÓNS DA REDE RIES

ESTANCIAS DE INVESTIGACIÓN

SIMÃO PAULO RODRIGUES VARELA, DA UNIVERSIDADE JEAN PIAGET DE CABO VERDE, REALIZA UNHA ESTANCIA NO G.I. ESCULCA

Santiago de Compostela, 15 de febreiro-17 de marzo de 2016

O Doutor Simão Paulo Rodrigues Varela, da Universidade Jean Piaget de Cabo Verde, realizou unha estancia de investigación na Universidade de Santiago de Compostela (Facultade de Ciencias da Educación-Grupo de Investigación ESCULCA) baixo a dirección do Prof. Miguel Anxo Santos Rego. O obxecto da mesma, tras o acordo entre ambas institucións, foi coñecer de primeira man o traballo realizado polo grupo de adscrición, acceder a documentación dispoñible nas bases de datos da universidade de acolida, impulsar o desenvolvemento da súa investigación, así como fortalecer o nexos entre ambas universidades xa iniciado en 2015 a través do convenio coordinado polo Prof. M. A. Santos.

PROXECTOS, CONTRATOS E CONVENIOS DE INVESTIGACIÓN

CONVENIOS ENTRE O G.I. GEFIL E DIVERSOS CENTROS EDUCATIVOS DE GALICIA

A Profa. Dra. M^a José Méndez Lois, membro do Grupo de Investigación GEFIL, figura como investigadora principal de dous contratos de investigación con centros educativos da comunidade galega, en virtude dos cales se realizaron as seguintes actividades de formación:

- **IES Parga Pondal (Carballo):** Curso de Formación de Alumnado Axudante (11/02/2016-17/03/2016).
- **CEIP Plurilingüe Cardeal Quiroga Palacios (Santiago de Compostela):** Posta en marcha do Proxecto "Co-emocións" para o desenvolvemento emocional e social non sexista en Educación Infantil e Primaria (13/01/2016-10/03/2016).

DESEÑO E IMPLEMENTACIÓN DE METODOLOXÍAS ACTIVAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN NA EDUCACIÓN SUPERIOR

O Grupo GIES 10 dirixe un Proxecto de Innovación Educativa, financiado pola Universidade de Vigo, que pretende perfeccionar os estilos docentes a través do deseño e implementación de novas metodoloxías activas e instrumentos de avaliación na Educación Superior. A súa investigadora principal é a Profa. Dra. Margarita Pino Juste e desenvólvese entre 2015 y 2016.

PRÓXIMAS ACCIÓNS DA REDE RIES

CURSOS, SEMINARIOS E CONGRESOS

CURSO PLATEGA 2015-2016: ORIENTACIÓN, TITORÍA E CONSTRUCCIÓN DE IDENTIDADES LIBRES DE ESTEREOTIPOS DE XÉNERO

Santiago de Compostela, 28 de marzo-3 de xuño de 2016

Este curso, no que participa a Profa. Dra. M^a José Méndez Lois, organízase en colaboración entre a Secretaría Xeral de Igualdade e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a través da plataforma Platega do Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI). A súa finalidade é sensibilizar e formar ao profesorado non universitario para a procura dunha intervención en orientación académico-profesional inclusiva, traballando sobre catro eixos fundamentais: a socialización diferenciada de nenas e nenos, a construción da identidade libre de estereotipos de xénero no medio académico, a indagación e análise obxectiva da realidade laboral actual e o deseño de propostas de orientación académica e profesional non sexista, coeducativa ou inclusiva nos centros docentes non universitarios.

XII ENCONTRO DE MORFÓLOGOS

Santiago de Compostela, 5-6 de maio de 2016

O XII Encontro de Morfólogos, organizado polo Grupo de Investigación Gramática do Español, terá lugar na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. O tema elixido é *Procesos morfolóxicos e Zonas de interferencia*, de modo que o obxectivo principal consiste en prestar atención aos límites entre os diversos procesos morfolóxicos. Como é habitual, a xornada académica desenvolverase ao longo do venres 6 de maio e está destinada tanto a investigadores como a estudantes. A asistencia ao Encontro é totalmente libre e non ten cota de inscrición. Os Encontros de Morfólogos veñen celebrándose anualmente desde o ano 2005 en diversas universidades españolas e reúnen a todos aqueles investigadores cuxo ámbito de estudo é a morfoloxía teórica ou a morfoloxía do español.



UTILIZACIÓN DE BASES DE DATOS PARA AUMENTO DO ÍNDICE DE IMPACTO DA PRODUCCIÓN CIENTÍFICA

Vigo, 26 de maio de 2016

O Grupo de Investigación GIES 10, da Universidade de Vigo e membro da Rede RIES, porá en marcha no mes de maio unha actividade sobre a utilización de bases de datos para o aumento do índice de impacto da produción científica impartido polo profesor Héctor Castro Rey.

ACTIVIDADES DO GRUPO DE INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN, ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE (GIES10)

Vigo, 17 de xuño de 2016

O Grupo de Investigación GIES10 porá en marcha no mes de xuño as Xornadas de adestramento funcional (Relatores: Rui Garganta, Ana Sousa e Dárida Castro). Entre os temas a tratar atópanse o adestramento funcional para mozos, adultos e atletas; adestramento funcional para persoas con necesidades educativas especiais; e adestramento funcional para persoas maiores.

II XORNADAS DE PSICOLOXÍA EVOLUTIVA

A Coruña, 6-7 de xullo de 2016

O obxectivo destas xornadas, organizadas polo G.I. PED, é dar a coñecer algunhas liñas de investigación en psicoloxía e educación que están a desenvolver outros grupos de investigación e que teñen relación con algunhas áreas de investigación deste grupo. As xornadas están dirixidas especialmente ao alumnado das titulacións de psicoloxía e educación, tanto de graos como de máster, e tamén aos distintos profesionais que desenvolven o seu labor en centros e institucións educativas.

PRÓXIMAS ACCIÓNS DA REDE RIES

UNIVERSIDADE DE VERÁN 2016: CURSO XII NOVAS FRONTEIRAS NA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES 2.0: EDUCACIÓN AFECTIVO SEXUAL, PROSTITUCIÓN, TRATA E OUTRAS VIOLENCIAS

Lalín, 12-15 de xullo de 2016

A decimosegunda edición do curso organizado por María José Méndez Lois e María Jesús Payo Negro ten como obxectivo principal tomar conciencia sobre as violencias na sociedade civil a fin de intercambiar e analizar boas prácticas para o desenvolvemento de actuacións igualitarias que faciliten, aos distintos axentes de socialización que participan na formación e educación da cidadanía, a detección dos problemas educativos e sociais neste ámbito e a achega de alternativas de solución que contribúan a mellorar a sociedade na que vivimos.

O curso celebrarase no Auditorio Municipal de Lalín, cunha duración de 30 horas, coorganizado polo Instituto de Ciencias da Educación (ICE-USC) e a Oficina de Igualdade do Concello de Lalín.

UNIVERSIDADE DE VERÁN 2016: III XORNADAS DE COACHING EDUCATIVO: A INNOVACIÓN DENDE A ESCOLA

Santiago de Compostela, 19-20 de xullo de 2016

Coa terceira edición destas xornadas, nas que participa a Profa. Dra. M^a José Méndez Lois (G.I. GEFIL), preténdese abordar o *coaching* educativo como disciplina que axuda a potenciar as competencias individuais, favorecendo procesos de cambio e posibilitando a resolución das dificultades e dos conflitos entre pares. O principal obxectivo céntrase en achegar aos profesionais en activo e aos futuros profesionais da educación a perspectiva do *coaching* educativo a través do coñecemento de ferramentas e recursos.

UNIVERSIDADE DE VERÁN 2016: OS DEREITOS DOS NENOS E DAS NENAS: A SITUACIÓN DA INFANCIA EN GALICIA

Santiago de Compostela, 21-22 de xullo de 2016

O obxectivo principal do curso, que estará dirixido polas Profas. Dras. Mar Lorenzo Moledo e María del Carmen Gutiérrez Moar, será analizar a situación socioeducativa da infancia na sociedade actual a través de catro ámbitos fundamentais: educativo, social, políticas sociais e participación. Ademais, prestará colaboración na organización da actividade o Fondo de Nacións Unidas para a Infancia (UNICEF) e o Valedor do Pobo de Galicia.

ESTANCIAS DE INVESTIGACIÓN

BIBIANA REGUEIRO, DO G.I. PED, REALIZA UNHA ESTANCIA NA UNIVERSIDADE DE TUBINGA

Alemaña, 20 de abril-20 de maio de 2016

Bibiana Regueiro, membro do Grupo de Investigación PED, realizará unha estancia na Universidade de Tubinga, unha das universidades máis antigas de Alemaña, con amplo recoñecemento internacional, baixo a dirección do Prof. Dr. Ulrich Trautwein, referente na investigación da influencia dos deberes escolares no rendimento.

PRÓXIMOS CONGRESOS

SEMINARIO–ASEMBLEA INTERACCIÓN E SOCIEDADE

Valencia, 14 de xuño de 2016



O I Seminario-EDiSo-Asamblea, que terá lugar na Universidade de Valencia, pretende ser a cita anual central do EdiSo e incluíra a celebración da Asemblea Xeral da Asociación. Este ano, o seminario conta coa colaboración da Rede Europea de Investigación *Nuevos hablantes en la Europa Multilingüe: Oportunidades y desafíos* (<http://www.nspk.org.uk/>). O evento ten un dobre obxectivo: afondar nunha temática de interese xeral para toda a Asociación (o tema proposto é *Interacción e Sociedade*), e celebrar a Asemblea Xeral e propiciar intercambios presenciais nas comisións de traballo EdiSo e nos grupos de investigación, para o desenvolvemento de propostas de actividades conxuntas que contribúan a alcanzar os seus obxectivos e os da Asociación.

Máis información: <http://www.edisportal.org/>

HEAD'16. 2ND INTERNATIONAL CONFERENCE ON HIGHER EDUCATION ADVANCES

Valencia, 21-23 de xuño de 2016

Este congreso é un excelente foro para investigadores e profesionais para o intercambio de ideas, experiencias, opinións e resultados de investigación relativos á formación dos estudantes, as metodoloxías de ensino/aprendizaxe e a organización dos sistemas educativos.



A Segunda Conferencia Internacional sobre Avances en Educación Superior (HEAD'16) celebrarase na Facultade de Administración e Dirección de Empresas da Universidade Politécnica de Valencia, que foi recentemente catalogada como a mellor universidade técnica en España polo *Academic Ranking of World Universities* (ARWU) 2015.

Máis información: <http://www.headconf.org>

XVI CONGRESO NACIONAL E VII CONGRESO IBEROAMERICANO DE PEDAGOXÍA (SEP 2016)

Madrid, 28-30 de xuño de 2016



Coincidindo co centenario da publicación da obra de John Dewey *Democracia y Educación*, a Sociedade Española de Pedagogía, en colaboración con outras redes do ámbito da educación, celebra en Madrid o XVI Congreso Nacional e VII Iberoamericano de Pedagogía. SEP 2016 será un lugar de intercambio de coñecementos, experiencias e investigacións que permitan construír novos coñecementos para promover o desenvolvemento do pensamento pedagóxico.

Este congreso está dirixido a investigadores e profesionais da educación interesados en compartir e debater investigacións, innovacións e experiencias educativas. O programa científico está composto por conferencias plenarias, talleres invitados dirixidos por expertos, comunicacións orais e pósteres e experiencias e boas prácticas educativas que os docentes realizan nas súas aulas.

Máis información: <http://www.congresodepedagogia.com/>

5º CONGRESO INTERNACIONAL MULTIDISCIPLINAR DE INVESTIGACIÓN EDUCATIVA (CIMIE 16)

Sevilla, 30 de xuño-1 de xullo de 2016

CIMIE é o congreso anual organizado por AMIE (Asociación Multidisciplinaria de Investigación Educativa), que se organiza en dúas xornadas intensivas.



#CIMIE16

Máis información: <http://amieedu.org/cimie/>

PRÓXIMOS CONGRESOS

EDULEARN16. 8TH ANNUAL INTERNATIONAL CONFERENCE ON EDUCATION AND NEW LEARNING TECHNOLOGIES

Barcelona, 4-6 de xullo de 2016



EDULEARN é unha das maiores conferencias internacionais de educación para profesores, investigadores, tecnólogos e profesionais do sector da educación. Despois de 8 anos, converteuse nun evento de referencia no que máis de 700 expertos de 80 países reúnen-se cada ano para presentar os seus proxectos e compartir os seus coñecementos sobre educación e novas tecnoloxías de aprendizaxe.

Máis información: <https://iated.org/edulearn/>


ECER 2016

Dublín (IR), 23-26 de agosto de 2016

ECER 2016 celebrarase no *University College* de Dublín. Como en anos anteriores, a conferencia principal ECER terá unha duración de 3,5 días en lugar de 3 días (Pre-Conferencia: 22-23 de agosto; Conferencia principal: 23-26 de agosto).

A investigación educativa pode desempeñar un papel fundamental na construción imaxinativa e creativa da nosa educación futura, desde o pasado ata o presente, desde a investigación, a política e a práctica. As tensións entre os intereses en conflito desafían aos investigadores e profesionais da educación por igual, e dan lugar á preocupación máis xeral do que significa para exercer o liderado, e o que, como individuos e comunidades de práctica, representan en tales circunstancias.

Máis información: <http://www.eera-ecer.de/ecer-2016-dublin/>



CONGRESO INTERNACIONAL/XIX SEMINARIO INTERUNIVERSITARIO DE PEDAGOGÍA SOCIAL

Xirona, 14-16 de setembro de 2016



Este congreso céntrase naquelas achegas e experiencias que teñen como protagonistas ou destinatarios preferentes aos e ás mozas, especificamente reflexionar e formular propostas concretas que permitan avanzar na reflexión sobre a mocidade, os programas e servizos dirixidos a este colectivo e o seu papel nas transformacións sociais. O propósito é debater cales deben ser os medios e recursos que nos permiten ofrecer aos e ás mozas as mellores condicións para o seu empoderamento.

Máis información: https://eventum.upf.edu/event_detail/2141/detail/congres-pedagogia-social-joventut-i-transformacions-socials.html

PRÓXIMOS CONGRESOS

VIII CONGRESO INTERNACIONAL DE FILOSOFÍA DA EDUCACIÓN. EDUCACIÓN E CAPACIDADES. CARA UN NOVO ENFOQUE DO DESENVOLVEMENTO HUMANO

Valencia, 21-23 de setembro de 2016



As durísimas consecuencias da Segunda Guerra Mundial implicaron a un profundo reformulamento das normas de convivencia social, e fíxose evidente a necesidade de respectar os dereitos humanos, organizar unha estrutura política democrática baixo o imperio da lei e instaurar unha sociedade do benestar onde se tente promover unha vida decente para todos. Esta procura dunha sociedade digna atopou ultimamente un considerable desenvolvemento na teoría das capacidades, na que destacan Martha Nussbaum e Amartya Sen. Cada vez é máis evidente a importancia de conseguir que se dean as condicións sociais pertinentes que permitan a todos levar a plenitude as súas capacidades básicas, o que esixe unha profundización no concepto de capacidade e no estudo de cales son as capacidades básicas, así como que características debe ter a sociedade e a acción educativa para facilitar o seu crecemento. A Filosofía da educación debe achegarse a estudar estas cuestións en toda a súa profundidade, superando formulacións meramente economicistas e descubrir como deben ser tratadas desde o razoamento público e o respecto ás liberdades e particularidades dos individuos.

Máis información: www.filosofiadelaeducacion.org

I CONGRESO INTERNACIONAL E III XORNADAS DE EDUCACIÓN SOCIAL E ESCOLA. UNHA ANÁLISE DA ÚLTIMA DÉCADA

Ourense, 30 de setembro-1 de outubro de 2016

Este congreso diríxese moi especialmente a profesionais do ensino e da educación con vontade de traballo conxunto; a estudantes e profesorado universitario das facultades de Educación Social e Maxisterio coas que colaboran; a outros/as profesionais e entidades relacionadas co ámbito da educación (ANPAS, entidades do terceiro sector...) interesadas en mellorar a calidade do sistema educativo; a persoas doutras comunidades autónomas con desexo de compartir e intercambiar experiencias, a técnicos/as de administracións, especialmente corporacións locais implicadas en políticas educativas; e a medios de comunicación e sociedade en xeral preocupados pola mellora do sistema educativo galego.

Máis información: <http://edusoescola.wix.com/congreso>



VII CONGRESO NACIONAL E II INTERNACIONAL DE APRENDIZAXE-SERVIZO UNIVERSITARIO (APS-U7)

Santiago de Compostela, 13-15 de outubro de 2016



Dende unha perspectiva pedagóxica, o fomento da participación efectiva permanece como un dos grandes retos no ámbito da Educación Superior. Debemos continuar avaliando as súas fortalezas nos planos educativo, social, cultural e económico, sen desmaiar en cantas experiencias positivas poidamos impulsar dende a Universidade e a comunidade como un todo. Non esquezamos que a formación dun cidadán ten lugar tamén nas aulas pero non só, nin fundamentalmente, nelas. Son moitos os tempos e os espazos que afectan a tan singular formación e, por iso, debe ser obxecto de atención sistemática e de intervención desde as axencias de responsabilidade pública.


A aprendizaxe-servizo pode ser de gran utilidade por representar unha magnífica mostra de pedagogía experiencial. Neste sentido, permite a implicación dos membros do grupo dende o primeiro momento en que se pon en marcha a experiencia. Posto que cada paso deberá ser consensuado e aprobado polo gran grupo, iso outorga ao proxecto unha dose de sentimento de pertenza, con posibilidade de servir a modo de motivador intrínseco, o que implica tamén un gran exercicio de democracia, ao aprender a valorar e criticar as opinións dos demais.

Dende o G.I. ESCULCA, a Rede RIES e a Asociación Galega de ApS (ApSGa) púxose en marcha a organización do VII Congreso Nacional e II Internacional de Aprendizaxe-Servizo Universitario ApS(U)7, que se celebrará en Compostela os días 13, 14 e 15 de outubro de 2016.


Máis información: <http://www.usc.es/congresos/apsu7/>

NOVIDADES EDITORIAIS


Arregui, P., González González, A. M., e Montoro, C. (2016). *Familia y sociedad en el siglo XXI*. Madrid: Dykinson.



Benavente, B., Casado, S., e Ballester, Ll. (2016). *Prevalencia del abuso sexual en la infancia. Un estudio en estudiantes universitarios*. Barcelona: Octaedro.



Bornaetxea, A. (2016). *Derechos Humanos: Políticas Sociales y Educativas*. Madrid: Dykinson.



Buceta, M^a J., e Crespo, J. M^a (Eds.) (2015). *Atención Temprana y Educación Familiar*. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela.




Cabero, J. (2016). *Tendencias educativas para el siglo XXI*. Madrid: Centro de Estudios Financieros.



Diego, I., e Vega, J. A. (2016). *La educación para el emprendimiento en el sistema educativo español. Año 2015*. Madrid: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, Secretaría General Técnica.



Expósito, J. (Coord.) (2016). *Tutorial Action in present education*. Madrid: Síntesis.



Fernández García, T., e Ponce de León, L. (Dir.) (2016). *Planificación y actuación estratégica de proyectos sociales*. Madrid: Pirámide.



Fernández Ruiz-Gálvez, E., e Garibo, A. P. (Coords.) (2016). *El futuro de los Derechos Humanos*. Valencia: Tirant lo Blanch.



NOVIDADES EDITORIAIS


Gallego-Arrufat, M^a J., e Raposo-Rivas, M. (Coords.) (2016). *Formación para la educación con tecnologías*. Madrid: Pirámide.



Gallego Ortega, J. L., e Rodríguez Fuentes, A. (2016). *La alteridad en educación. Teoría e investigación*. Madrid: Pirámide.




Imbernón, F. (Coord.) (2016). *Diseño, desarrollo y evaluación de los procesos de formación*. Madrid: Síntesis.



Luaces, A. I. (Dir.) (2016). *Retos y desafíos en materia de discapacidad. Una visión multidisciplinar*. Madrid: Instituto Nacional de Administración Pública-INAP.



Marchesi, A., e Hernández, C. (Coords.) (2016). *El fracaso escolar. Una perspectiva internacional*. Madrid: Alianza Editorial.




Quintanal, J. M., e Melendro, M. (Coords.) (2016). *Acción socioeducativa con colectivos vulnerables*. Madrid: Universidad Nacional de Educación a Distancia.




Recalde, M., e Silva, C. (Eds.) (2016). *Ser inmigrante en tempos de crise. Unha ollada multidisciplinar*. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela.



Serrano, R., Gómez, M^a E., e Huertas, C. A. (Coords.) (2016). *La educación sí importa en el siglo XXI*. Madrid: Síntesis.



Uruñuela, P. M^a (2016). *Trabajar la convivencia en los centros educativos. Una mirada al bosque de la convivencia*. Madrid: Narcea.



NOVIDADES LEXISLATIVAS

Ofrecemos as novidades referentes á lexislación educativa aparecidas nos últimos meses, tanto a nivel nacional como autonómico galego. Pódese realizar esta consulta de modo máis extenso e seguir as novidades lexislativas na web da Rede RIES:

http://redries.usc.es/index.php?option=com_content&view=article&id=42&Itemid=38

BOE

Corrección de erros da Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia. BOE Núm. 285 Sábado, 28 de novembro de 2015 Páx. 112456.

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/11/28/pdfs/BOE-A-2015-12888.pdf>

Real Decreto 1058/2015, do 20 de novembro, polo que se regulan as características xerais das probas da avaliación final de Educación Primaria establecida na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. BOE Núm. 285 Sábado, 28 de novembro de 2015 Páx. 112518-112523.

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/11/28/pdfs/BOE-A-2015-12894.pdf>

Resolución do 26 de novembro de 2015, da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora, pola que se publican os criterios específicos aprobados para cada un dos campos de avaliación. BOE Núm. 286 Luns, 30 de novembro de 2015 Páx. 113060-113078.

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/11/30/pdfs/BOE-A-2015-12970.pdf>

Orde ECD/2654/2015, do 3 de decembro, pola que se ditan normas de desenvolvemento e aplicación do Real Decreto 967/2014, do 21 de novembro, no que respecta aos

procedementos para a homologación e declaración de equivalencia de títulos estranxeiros de educación superior. BOE Núm. 296 Venres, 11 de decembro de 2015 Páx. 116848-116857.

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/12/11/pdfs/BOE-A-2015-13435.pdf>

Corrección de erros da Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o emprego no ámbito laboral. BOE Núm. 306 Mércores, 23 de decembro de 2015 Páx. 121423.

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/12/23/pdfs/BOE-A-2015-14019.pdf>

Resolución do 28 de xaneiro de 2016, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, pola que se publica o currículo da materia de Relixión Evanxélica do Bacharelato. BOE Núm. 31 Venres, 5 de febreiro de 2016 Páx. 9405-9418.

<https://www.boe.es/boe/dias/2016/02/05/pdfs/BOE-A-2016-1124.pdf>

Corrección de erros da Resolución do 28 de xaneiro de 2016, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, pola que se publica o currículo da materia de Relixión Evanxélica do Bacharelato. BOE Núm. 38 Sábado, 13 de febreiro de 2016 Páx. 11654.

<https://www.boe.es/boe/dias/2016/02/13/pdfs/BOE-A-2016-1459.pdf>

Orde ECD/176/2016, do 5 de febreiro, pola que se publican os Estatutos provisionais do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Pedagogos e Psicopedagogos. BOE Núm. 41 Mércores, 17 de febreiro de 2016 Páx. 12634-12646.

<https://www.boe.es/boe/dias/2016/02/17/pdfs/BOE-A-2016-1619.pdf>

Orde ECD/279/2016, do 26 de febreiro, pola que se modifica a Orde

ECD/1361/2015, do 3 de xullo, pola que se establece o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato para o ámbito de xestión do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, e se regula a súa implantación, así como a avaliación continua e determinados aspectos organizativos das etapas. BOE Núm. 56 Sábado, 5 de marzo de 2016 Páx. 18108-18111.

<https://www.boe.es/boe/dias/2016/03/05/pdfs/BOE-A-2016-2259.pdf>

Resolución do 14 de marzo de 2016, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, pola que se publica o currículo de la enseñanza de Relixión Islámica da Educación Infantil. BOE Núm. 67 Venres, 18 de marzo de 2016 Páx. 20517-20521.

<https://www.boe.es/boe/dias/2016/03/18/pdfs/BOE-A-2016-2714.pdf>

Resolución do 14 de marzo de 2016, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, pola que se publican os currículos da materia de Relixión Islámica en Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato. BOE Núm. 67 Venres, 18 de marzo de 2016 Páx. 20522-20547.

<https://www.boe.es/boe/dias/2016/03/18/pdfs/BOE-A-2016-2715.pdf>

Resolución do 29 de febreiro de 2016, da Universidade de Santiago de Compostela, pola que se publica o plan de estudos de Máster en Igualdade, Xénero e Educación. BOE Núm. 67 Venres, 18 de marzo de 2016 Páx. 20800-20801.

<https://www.boe.es/boe/dias/2016/03/18/pdfs/BOE-A-2016-2743.pdf>

NOVIDADES LEXISLATIVAS

Resolución do 29 de febreiro de 2016, da Universidade de Santiago de Compostela, pola que se publica o plan de estudos de Máster en Psicoxerontoloxía (Máster conxunto das universidades de Barcelona, Salamanca, Santiago de Compostela e Valencia). BOE Núm. 67 Venres, 18 de marzo de 2016 Páx. 20802-20803.

<https://www.boe.es/boe/dias/2016/03/18/pdfs/BOE-A-2016-2744.pdf>

Resolución do 29 de febreiro de 2016, da Universidade de Santiago de Compostela, por la que se publica o plan de estudos de Máster en Psicoloxía Educativa: Desenvolvemento e Aprendizaxe. BOE Núm. 67 Venres, 18 de marzo de 2016 Páx. 20804-20805.

<https://www.boe.es/boe/dias/2016/03/18/pdfs/BOE-A-2016-2745.pdf>

DOG

Corrección de erros. Orde do 10 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para a emisión do informe sobre o esforzo de integración da persoa estranxeira no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG Núm. 227 Venres, 27 de novembro de 2015 Páx. 44783.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20151127/AnuncioG0425-251115-2_gl.pdf

Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social. DOG Núm. 232 Venres, 4 de decembro de 2015 Páx. 45710-45756.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20151204/AnuncioG0425-031215-0002_gl.pdf

Corrección de erros. Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social. DOG Núm. 4 Venres, 8 de xaneiro de 2016. Páx. 491-492.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2016/20160108/AnuncioG0425-040116-0002_gl.pdf

Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. DOG Núm. 32 Mércores, 17 de febreiro de 2016. Páx. 5581-5647.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2016/20160217/AnuncioG0244-110216-0005_gl.pdf

COORDINADOR DA REDE RIES

Dr. Miguel A. Santos Rego

GRUPOS DE INVESTIGACIÓN**G.I. 1790 ESCOLA-CULTURA (ESFULCA)**

Dir. Miguel Anxo Santos Rego

G.I. 1877 GRUPO GALEGO DE ESTUDOS PARA A FORMACIÓN E INSERCIÓN LABORAL (GEFIL)

Dir. Antonio Rial Sánchez

G.I. 1468 DIAGNÓSTICO E ORIENTACIÓN EDUCATIVA E PROFESIONAL (DIOEP)

Dir. Elena Fernández Rey

G.I. 1438 TECNOLOXÍA EDUCATIVA (TEC_EDUC)

Dir. Beatriz Cebreiro López

G.I. 1372 GRAMÁTICA DO ESPAÑOL (GRAMÁTICA)

Dir. María Teresa Díaz García

G.I. DE3 GRUPO DE INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN, ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE (GIES10)

Dir. Margarita Pino Juste

G.I. EN PSICOLOXÍA EDUCATIVA (PED)

Dir. Antonio Valle Álvarez

**Contacto:**

Facultade de Ciencias da Educación

Despacho 28 (Módulo A)

Campus Vida

15782 Santiago de Compostela (A Coruña)

<http://redries.usc.es>rederies@gmail.com

Teléfono: 881 813 890

EQUIPO DE REDACIÓN

- Carmela Cambeiro Lourido
- Jesús García Álvarez

Xa estamos traballando en...

- X Seminario de Atención Educativa ao Alumnado Inmigrante. Experiencia e Innovación.
- Presentación do Libro "A Investigación Educativa en Galicia 2002-2016" (M. A. Santos Rego, ed.).
- Presentación do Libro "Sociedad del Conocimiento, Aprendizaje e Innovación en la Universidad" (M. A. Santos Rego, ed.).
- Presentación do Informe "Os Programas de Educación Non Formal e a Empregabilidade da Xuventude en Galicia".
- Seminario sobre Arquitectura e Espazos Escolares.